



TEMA 6: OS CONTINENTES

1. AS PECULIARIDADES DO MEDIO FÍSICO EUROPEO

Europa está situada no hemisferio norte. É un continente pequeno, con 10,5 millóns de km² de superficie. Está separada de Asia pola cordilleira do Cáucaso, os Montes Urais, o río Ural e o mar Caspio. Os océanos Glacial Ártico e Atlántico bañan as súas costas.

O relevo

Europa é moi chá, polo que a súa altitude media é baixa (290 m).

- As grandes chairas, por onde discorren os principais ríos, ocupan o centro e mais o leste de Europa, e van gañando largura desde Francia ata Rusia. Constitúen unha zona moi fértil. Destacan a Gran Chaira Europea e a Chaira de Europa Oriental.
- As cordilleiras máis antigas esténdense polo norte e polo leste do continente. Non son moi altas porque foron desgastadas pola erosión. Sobresaen os Montes Escandinavos, os Montes Urais, os Montes Metálicos, o Macizo Central francés e os Vosgos.
- As cordilleiras novas, máis elevadas, forman un arco ao redor do mar Mediterráneo. Destacan os Pireneos, os Alpes, os Cárpatos, os Balcáns e o Cáucaso, onde está o volcán Elbrús, o pico máis alto de Europa.

A costa é moi recortada, con entrantes, como os fiordes de Noruega e as rías do norte de España, e saíntes, como os cabos Norte, Fisterra e San Vicente. Case un terzo do territorio europeo esténdese por penínsulas (ibérica, itálica, escandinava,...). As illas son numerosas. Sobresaen Islandia, as illas británicas, Sardeña e Sicilia. Existen ademais mares continentais de grande extensión como o Mediterráneo, o Negro e o Báltico.

Os ríos e os lagos

- Os ríos da vertente ártica, como o Pechora e o Dvina Setentrional, son caudalosos e conxélanse durante o inverno.
- Os ríos da vertente atlántica, como o Dvina Occidental, o Vístula, o Elba, o Rin e o Sena, son caudalosos todo o ano.
- Os ríos da vertente mediterránea, como o Ebro e o Po, teñen un caudal irregular, con fortes estiaxes no verán.
- Os ríos que verten ao mar Negro, como o Don, o Dniéper e o Danubio, son navegables e constitúen importantes eixes de comunicacións entre Europa central e oriental.
- No mar Caspio desembocan o Volga, o río máis longo de Europa, e o Ural, que serve de fronteira natural con Asia. O mar Caspio é o lago máis grande do mundo. Outros lagos importantes son o Ladoga e o Onega, no noroeste de Rusia.

O clima e as paisaxes naturais

Debido á situación do continente, en Europa danse os diferentes climas temperados e fríos, e as paisaxes naturais asociadas.

- A paisaxe mediterránea. A vexetación domiñante é o bosque mediterráneo, formado por árbores de folla perenne, principalmente aciñeiras e sobreiras, e por matogueiras e arbustos, como a maquía (formación vexetal densa composta por carrascos, lentisco,...) e a garriga (formación menos densa integrada por romeu, lavanda, tomiño, etc.).
- A paisaxe oceánica. A vexetación característica son os bosques de folla caduca (faias, carballos, castiñeiros,...) e as landas, *formadas por matogueiras como breixos, toxeirás e arandeiras*.
- A paisaxe continental. A vexetación característica son a pradaría e a estepa, e nas zonas máis frías aparece a taiga, na que predominan as coníferas de folla perenne como o piñeiro e o abeto.
- A paisaxe polar. A vexetación predominante é a tundra, formada principalmente por musgos e liques. Nas zonas máis frías domiñan as neves e xeos perpetuos.
- A paisaxe de alta montaña. A vexetación gradúase en pisos. Ao ascender, aparecen sucesivamente bosques caducifolios, coníferas, matogueira e pradarías, e neves perpetuas.